



CONCELLO
DE MUIÑOS

BASES XXV ANDAINA SERRA DO XURÉS

1 DE XUÑO DE 2025

Coa Andaina pola Serra do Xurés preténdese dar a coñecer a todos/as os/as participantes a beleza da paraxe da Baixa Limia-Serra do Xurés, xa que ao longo de todo o percorrido, multitude de imaxes naturais, coa proximidade ao encoro das Conchas, flora autóctona, vistas panorámicas, etc... sorprenden de tal maneira que fan desta proba unha das máis fermosas e completas do calendario galego.

REGULAMENTO

1. HORARIO E DATA:

Domingo 1 de xuño de 2025, con saída ás 10:00H

2. ORGANIZACIÓN E PERCORRIDO:

- A proba está dirixida polo Concello de Muiños
- A distancia é de aproximadamente 18 km, con dificultade media.

3. INSCRICIÓNS:

- As inscricións serán individuais e poderán realizarse nas oficinas do Concello de Muiños ou enviando a ficha de inscrición e o xustificante de pago ao enderezo electrónico **turmuinosconcello@gmail.com**, do cal se remitirá confirmación unha vez cotexada toda a información.

A ficha de inscrición poderase descargar na páxina web **www.concellomuinos.com**

PAGO (12 €): na conta **ABANCA ES55 2080 0442 1531 1000 0043** (nome e DNI do participante)

IMPORTANTE: No caso de pagos grupais, deberase comunicar ao Concello as persoas incluídas no mesmo.

A cota de inscrición 12 € inclúe:

- Agasallo (Camiseta)
 - Avituallamentos
 - Duchas
 - Xantar ao remate da andaina no comedor albergue "O Corgo"
- As inscricións serán ata o venres 30 de Maio de 2025. **Non se poderán facer inscrición o mesmo día da andaina.**
 - **Prazas limitadas**



4. SAÍDA e CHEGADA:

- A saída será dende o Complexo Turístico-Deportivo “O Corgo” ás **10:00**, ruta circular.
- É preciso estar no punto de saída 15 minutos antes do inicio da proba, para recoller o agasallo e o dorsal.
- Todos os participantes levarán o seu dorsal nun lugar visible, que se entregará na chegada para acceder ao comedor.

5. AVITUALLAMENTO:

Ao longo do percorrido haberá dous puntos de avituallamento coa finalidade de prover aos participantes de bebidas e froita.

6. OBSERVACIÓNS

Se en calquera momento da proba algún/ha participante se amosa canso ou sofre algunha lesión importante, debe comunicalo aos responsables de emerxencias despregados no **teléfono: 679971377 (GES)** ou se é posible, achegarse ao control máis próximo.

A organización disporá dun servizo de controis itinerantes para solucionar este tipo de problemas.

7. INDICACIÓNS DE INTERESE XERAL

- Respecta o entorno natural e non deixes os residuos tirados.
- Ao remate da proba poderá facerse uso das duchas no Complexo Turístico-Deportivo “O Corgo”, situadas no Camping.
- Zona de aparcamento ampla.
- O xantar será según se vai chegando para evitar aglomeracións no comedor.

Información e inscricións no Concello de Muiños

Teléfono: 988456403

www.concellomuinos.com

Correo electrónico: turmuinosconcello@gmail.com